

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 55

ano 9

novembro-decembro 2014

250 aniversario do Padre Feijoo (VI) AS HOMENAXES DO SÉCULO XX



“Feijoo fue, ante todo, un gran maestro, de los que lo son para todos y para siempre. Y el serlo, no consiste en contar cosas nuevas a los que las ignoran, sino encender la curiosidad de los que no saben y enseñar los modos de aprender todo lo que pasa a nuestro lado por la vida. Esa fue la lección que de él aprendí”, estas eran as “Consideraciones sobre Feijoo” que **Gregorio Marañón y Posadillo** publicaba no ano 1954, con motivo da inauguración da Cátedra Feijoo da Universidade de Oviedo. Nesas palabras queda recollida a valoración da importancia que o espírito crítico do abandeirado da ilustración tivo para o século XX.

Cando Marañón fixo esa afirmación, transcorreran dous decenios desde a publicación dun libro esencial no coñecemento e valoración pola nosa contemporaneidade do sabio bieito: *Las ideas biológicas del P. Feijoo* (1934). A obra, considerada como un estudo clásico sobre o P. Feijoo, está formada a partir das opinións do monxe bieito en cuestións científicas. O estudo conforma, a pesar de conter reflexións discutibles, un retrato exhaustivo sobre a personalidade, a obra e a época do “Padre Maestro”. Para Marañón, o P. Feijoo destacaba polo seu compromiso público coa verdade e polo seu maxisterio perenne; a súa valoración positiva lévaos ao panexírico, considerando ao monxe de Casdemiro como “un Quijote de la cultura ilustrada” que tivo a “faena más ruda y

más ingrata (...) de roturar brutalmente el campo inculto del alma española”.

Acompañado por esa imaxe do sabio ilustrado que irrompía no ermo cultural hispano, na primavera de 1936, o doutor Marañón realizaba unha peregrinación aos lugares da xeografía persoal do “padre Maestro”: Casdemiro, Samos, Oviedo. Nesa viaxe fixo unha parada na cidade de Ourense, onde pronunciou unha conferencia sobre “El Padre Feijoo y sus amigos” na inauguración do novo Ateneo de Ourense, o 3 de maio, no antigo Teatro Losada, da que da testemuño a fotografía que presentamos neste número de *Fron da*. A presidencia de honra do acto recaeu en **Marcelo Macías** e estivo presente, como novo presidente da institución, o seu discípulo predilecto, **Ramón Otero Pedrayo**, que continuaría ao longo da súa vida co interese do seu mestre pola figura do sabio bieito.

Hoxe a idealización marañoniana está matizada polo coñecemento da influencia dos *novatores* en Feijoo.

1936, maio, 3. Ourense

Mesa da presidencia da conferencia “El padre Feijoo y sus amigos” pronunciada por Gregorio Marañón no teatro Losada con motivo da inauguración do novo Ateneo de Ourense


14 x 8,5 cm

Arquivo familiar de María del Socorro Alonso Martínez-Risco

O século XX: “La llama inmortal”: o mestrado perenne do P. Feijoo

“En el XX español (...) (a)ún vive Feijóo y como viviente, a veces huido, no se deja reducir a perfil indeleble en el período y tiempo de una crítica, de una sensibilidad”. Era o ano 1972 cando **Ramón Otero Pedrayo** resumía con estas palabras a sorte que tras os fastos decimonónicos tivo a figura do P. Feijoo no contexto hispano.

Ao longo do século a crítica académica e cultural realizará distintas valoracións do ilustrado. A maioría das opinións expresábanse en termos laudatorios. O historiador **Américo Castro** definiuno como “caballero andante del buen gusto”. O filósofo **Eugenio D’Ors** calificou a Feijoo como “militante de los ejércitos de la luz”. Non obstante, emerxen tamén algunhas críticas menos favorables, como a de **E. Terradas** que considerou ao “Padre Maestro” como un “«dilettanti» de todas las disciplinas del espíritu”.



Carta de Gregorio Marañón dirixida a Marcelo Macías na que lle pregunta sobre a existencia de fotografías da máscara mortuoria de Feijoo.

En Ourense, as conmemoracións do seu ilustre fillo continuaron intermitentemente ao longo de todo o século. No ano 1926, a **Comisión Provincial de Monumentos de Ourense**, cerna da cultura institucional, dedica o seu boletín de setembro-outubro “A la inmortal memoria del P. Feijoo en el II centenario de la publicación del *Teatro Crítico Universal*”. Nel participaba **Marcelo Macías**, “rey de los panegiristas del Padre Maestro”, quen tivera un papel principal nos actos que se realizaron no ano 1887. Proporcionábase así unha solución de continuidade coa anterior centuria.

O traballo da Comisión Provincial sería do interese de **Gregorio Marañón**, o “doctor Marañón”, quen contactaría con Marcelo Macías co fin de solicitarlle informacións útiles para a redacción dos seus escritos sobre as ideas biolóxicas do Padre Mestre. Así o mostra a correspondencia cruzada entre os dous eruditos, como se aprecia na carta na que Marañón lle pide información a Macías sobre a máscara mortuoria (véxase a reprodución nesta *Fronde*).

No ano 1947 a **Real Abadía de San Xulián de Samos** realizaba unha homenaxe impulsada pola *Junta del Homenaje Nacional al Padre Maestro Fray Benito Jerónimo Feijóo*, presidida por Francisco Franco como Xefe do Estado (quen mandou a un representante), e integrada por varios ministros e importantes prelados, nunha manifestación nacional-católica de apropiación do defensor das *Glorias de España*.

Entre os actos desa homenaxe inaugurouse o “Monumento erigido para honrar la memoria del ilustre hijo de la Abadía de Samos”, que remataba na coñecida escultura en granito do sabio bieito que fixo **Francisco Asorey** para o claustro Grande (construído entre finais do s. XVII e ½ do s. XVIII) daquel mosteiro, e que cantou Ramón Cabanillas no seu poema *Samos*: “no pedestal, (...), erguido, / surrí bondadoso e escoita compracido / noso Padre Feixóo, o Mestre aceso / pola Verdade, alleo o prexuício (...)”. Por causa deste monumento, hoxe o claustro é coñecido como o do Padre Feijoo.

1964 e 1976: II centenario da morte e III centenario do nacemento

No ano 1964, coincidindo co II Centenario da morte do P. Feijoo, en Ourense realizáronse diversos actos: un concurso literario, un ciclo de conferencias no Instituto de Ensino Secundario, xunto cunha exposición na recén inaugurada sede do Arquivo Histórico Provincial, no antigo Palacio dos bispos aurienses.

A Real Academia Galega tamén homenaxeou o “Padre Maestro”, publicando no ano 1976 un *Boletín* “adicado ao padre Bieito Xerónimo Feijoo co Gallo do terceiro centenario do seu nacemento”.

Pero o interese galego do século XX pola figura do fillo de Casdemiro non se manifestou só nas conmemoracións. Os homes de ciencia e letras preocupáronse por comprender e explicar as súas achegas á cultura. Entre os que se ocuparon do P. Feijoo estaban o escritor **Blanco Amor** (*Feijoo. Variaciones sobre un tema*), o xurista **Sebastián Martínez-Risco** (*Las ideas Jurídicas del Padre Feijoo*), o profesor **José Filgueira Valverde** (*El P. Feijoo y los españoles americanos*), e a xornalista **Victoria Armesto** (*Dos gallegos. Feijoo y Sarmiento*).

Algunhas das obras aparecidas na década dos 70 foron recollidas polo *Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”*. A institución foi creada pola Deputación Provincial, e converteuse nun referente dos estudos históricos ourensáns.

Entre os autores que publicaron naquel instituto, está Ramón Otero Pedrayo; que foi quen máis esforzos dedicou á comprensión da figura do monxe bieito. A el se debe a monumental obra *El Padre Feijoo. Su vida, doctrina e influencias*, aparecida en 1972, que continúa sendo o estudo de conxunto máis completo que hai sobre o sabio ilustrado.

A memoria de Feijoo permanece viva na actualidade en rúas, prazas, institucións docentes, librerías ou cineclubs que levan o seu nome.

Como concluía Otero Pedrayo na súa análise apaixonada sobre o sabio de Casdemiro, hoxe podemos afirmar que “(y)a para siempre nos quedará esta visión de Feijóo. La llama inmortal sobre la fría – la fría y necesaria y gris – ceniza de la historia”.

Agradecemos aos irmáns Román Alonso a súa xenerosidade por deixarnos complementar os fondos do AHPOu coa reprodución dos documentos que recolleemos neste *Fronde*.